



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E SEIS DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E UN.

**Extpe. 2021/G007/000033**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día vinte e seis de agosto de dous mil vinte e un, ten lugar reunión en primeira convocatoria de Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, Don Sergio Saavedra Gutiérrez e don Alejandro Antonio García Sousa. Non asiste excusando a súa asistencia dona Jessica Sabín Fernández.

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

### **Orde do Día**


#### PARTE RESOLUTIVA

#### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DO 19.08.21.-**

A meritada acta resultou aprobada pola Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e unanimidade dos presentes que asistiran á dita sesión.

#### **2º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE URBANISMO.-**

##### PROPOSTA DE ALCALDÍA:

**“- Expte. de obras 224/2020.- JORGE GONZÁLEZ ROMO rep. por RAMÓN MONTERO CEREIJO.-** Para as obras de construción de vivenda unifamiliar no lugar de  parroquia de VALDOVIÑO, en solo clasificado como **SNU DE NÚCLEO RURAL- ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL ILLADA E SOLO NON URBANIZABLE (snu de núcleo rural. Zona de edificación residencial illada e solo rústico)**, e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto **Ramón Montero Cereijo**.

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente e que é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 10 de agosto de 2021 e da secretaria municipal de data 10 de agosto de 2021 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.- Conceder** licenza construción de vivenda unifamiliar no lugar de ██████ parroquia de VALDOVIÑO, licenza que se otorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo.-** As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Ramón Montero Cereijo e ás condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 10 de agosto de 2021, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Terceiro.- APROBAR** a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 48,08 €. ICIO.- 2.819,27 €.

Valdoviño, 13 de agosto de 2021.  
O Alcalde,  
Asinado/Alberto González Fernández”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede**

**3º.- APROBACION EXPEDIENTE CONTRATACIÓN DO PROXECTO DE OBRA: SANEAMENTO E BOMBEO EN MONTEFARO.-**  
PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

“ASUNTO: INICIO EXPEDIENTE CONTRATACIÓN OBRA: SANEAMENTO E BOMBEO EN MONTEFARO DO POS+2021.- Achega Provincial 2020.

Vista Circular da Deputación provincial da Coruña de aprobación do Plan POS+2021, e que concede a este Concello unha subvención incluída no dito plan.- Achega Provincial 2020- para a obra “Saneamento e bombeo en Montefaro”0.  
Solicitada a participación no dito plan polo Concello por acordo adoptado en sesión plenaria de data 1/02/21.

Financiamento.-  
Deputación.- 115.000,00 euros  
Concello.- 37.333,16 euros  
Total proxecto.- 152.333,16 euros

(125.895,17 euros .- Importe sen IVE); (26.437,99 euros .- IVE)

O expediente ten a referencia: **2021/C003/000003**  
O proxecto técnico da obra redatouno o enxeñeiro de camiño Carlos Antelo Martínez.  
A acta de replanteo para comprobar a viabilidade sobre o terreo do proxecto para a execución das obras data de 6.08.21.  
Consta providencia da Alcaldía para a aprobación da contratación.

Verificando a Secretaría do Concello que o expediente de aprobación da contratación citada está formado pola documentación mínima esencial para a súa aprobación, e deixando constancia de elo aos efectos de dar cumprimento ao esixido na LCSP.

Visto o documento RC (Retención de crédito) da intervención municipal para a citada obra, sentado no libro diario de contabilidade presupostaria con data 22/01/2021 (nº operación 220210000354),

De conformidade co establecido no artigo 116 e na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público; esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas por Lei, PROPÓN á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, factor prezo, tramitación urxente da obra de denominación: SANEAMIENTO E BOMBEO EN MONTEFARO; cun orzamento de licitación de 152.333,16 euros dos que 125.895,17€ corresponden ao prezo sen IVE e 26.437,99 euros ao IVE.

**SEGUNDO:** Aprobouse a non división en lotes por decreto de Alcaldía núm 80/2021 en data 3/02/21. (Anexo IX da documentación, remitido á Deputación Provincial); quedando xustificada polos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017 de 8 de novembro (LCSP).

**TERCEIRO:** Aprobar os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adjudicación; pregos de contratación mediante procedemento aberto (cun único criterio de adjudicación, factor prezo) das obras comprendidas nos Plans provinciais e outras obras provinciais da Deputación Provincial da Coruña; así coma o Anexo I e Anexo V, que constan incluídos no expediente.

**CUARTO:** Autorizar con cargo á aplicación orzamentaria 161.60001 do orzamento municipal o gasto pola contía de 152.333,16 euros, que representa a devandita contratación, importe financiado pola Deputación Provincial e polo concello, ao abeiro do Plan Pos+2021..

**QUINTO:** Publicar o corresponde anuncio no perfil de contratos do sector público. (Plataforma de Contratos do Sector Público).

Non obstante, a Xunta de goberno local, acordará o máis convinte.  
Documento que asina dixitalmente o alcalde. “

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria por unanimidade dos asistentes á sesión, acordou aprobar a anterior proposta de Alcaldía.**

#### **4.- APROBACION EXPEDIENTE CONTRATACIÓN DO PROXECTO DE OBRA: PISTA POLIDEPORTIVA Y DOS PISTAS DE PÁDEL EN EL ESPACIO DEPORTIVO DE ATIOS.-**

PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

“ASUNTO: INICIO EXPEDIENTE CONTRATACIÓN OBRA: PISTA POLIDEPORTIVA E DÚAS PISTAS DE PÁDEL CUBERTAS EN ESPAZO DEPORTIVO DE ATIOS DO POS+2021.- Achega Provincial 2020.

Vista Circular da Deputación provincial da Coruña de aprobación do Plan POS+2021, e que concede a este Concello unha subvención incluída no dito plan.- Achega Provincial 2020- para a obra “Pista polideportiva e dúas pistas pádel no espazo deportivo de Atios”. Solicitada a participación no dito plan polo Concello por acordo adoptado en sesión plenaria de data 1/02/21.

Financiamento.-

Deputación.- 200.227,77 euros

Concello.- 48.287,43 euros

Total proxecto.- 248.515,20 euros

(205.384,46 euros .- Importe sen IVE); (43.130,74 euros .- IVE)

O expediente ten a referencia: **2021/C003/000004**

O proxecto técnico da obra redatarono a arquitecta Victoria Alonso Caeiro, COAG 3013 e o arquitecto Pedro Garat Caramé, COAG 3577.

A acta de replanteo para comprobar a viabilidade sobre o terreo do proxecto para a execución das obras data de 27 de febreiro de 2020.

Consta providencia da Alcaldía para a aprobación da contratación.

Verificando a Secretaría do Concello que o expediente de aprobación da contratación citada está formado pola documentación mínima esencial para a súa aprobación, e deixando constancia de elo aos efectos de dar cumprimento ao esixido na LCSP.

Visto o documento RC (Retención de crédito) da intervención municipal para a citada obra, sentado no libro diario de contabilidade presupostaria con data 22/01/2021 (nº operación 220210000356),

De conformidade co establecido no artigo 116 e na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público; esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas por Lei, PROPÓN á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, factor prezo, tramitación ordinaria da obra de denominación: PISTA POLIDEPORTIVA Y DOS PISTAS DE PÁDEL CUBIERTAS EN ESPACIO DEPORTIVO DE ATIOS; cun orzamento de licitación de 248.515,20 euros dos que 205.384,46€ corresponden ao prezo sen IVE e 43.130,74 euros ao IVE.

**SEGUNDO:** Aprobouse a non división en lotes por decreto de Alcaldía núm77/2021 en data 3/02/21. (Anexo IX da documentación, remitido á Deputación Provincial); quedando xustificada polos motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017 de 8 de novembro (LCSP).

**TERCEIRO:** Aprobar os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adjudicación; pregos de contratación mediante procedemento aberto (cun único criterio

de adjudicación, factor prezo) das obras comprendidas nos Plans provinciais e outras obras provinciais da Deputación Provincial da Coruña; así coma o Anexo I e Anexo V, que constan incluídos no expediente.

**CUARTO:** Autorizar con cargo á aplicación orzamentaria 342.60900 do orzamento municipal o gasto pola contía de 248.515,20 euros, que representa a devandita contratación, importe financiado pola Deputación Provincial e polo concello, ao abeiro do Plan Pos+2021.

**QUINTO:** Publicar o corresponde anuncio no perfil de contratos do sector público. (Plataforma de Contratos do Sector Público).

Non obstante, a Xunta de goberno local, acordará o máis convinte. Documento que asina dixitalmente o alcalde. “

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria por unanimidade dos asistentes á sesión, acordou aprobar a anterior proposta de Alcaldía.**

**5º.- APROBACIÓN INICIAL EXPROPIACIÓN URBANÍSTICA SISTEMA TASACIÓN CONXUNTA DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POLO PROCEDIMENTO DE TAXACIÓN CONXUNTA PARA A EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO: SISTEMA XERAL VIARIO (GLORIETA ENTRE A ESTRADA DA ALDEA A LAGOA E ESTRADA Á PRAIA).**

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“Visto o Proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para a execución de planeamento: sistema xeral viario (glorieta entre a estrada da aldea á lagoa e estrada á praia), asinado polo arquitecto Isidro López Yáñez, con nº de colex.2.261.

Considerando o certificado de dominio e cargas expedido polo Rexistro da Propiedade de Narón , rexistrado de entrada neste Concello ao número 2021000001892, en data 10 de agosto de 2021.

Visto o informe de secretaria asinado con data 7 de agosto de 2021 sobre a lexislación aplicable e procedemento.

Visto o informe técnico asinado por Miguel Nieto Matamoros nº colexiado 16.879 de data 04 de agosto de 2021,e presentado neste concello o 6 de agosto de 2021 rexistrado de entrada baixo o nº 202199900001229 no que se sinala no apartado 6. CONCLUSIÓN:

*“A la vista de la información analizada, y el estado actual del viario existente en el entorno de la glorieta e intersección de la Estrada Aldea-A Lagoa y Estrada da Praia, se informa lo siguiente: Los viales existentes que confluyen en la glorieta no disponen de itinerarios peatonales accesibles requeridos para los espacios urbanizados, según la normativa vigente en materia de accesibilidad. La ejecución del itinerario peatonal accesible en la confluencia de la Estrada Aldea-A Lagoa con la Estrada da Praia*

requiere la ocupación y demolición del edificio situado en la parcela con referencia catastral nº 8593501NJ6289N0001PD, el cual se encontraría, según los criterios que establece la modificación puntual de las Normas Subsidiarias de Planeamiento, aprobada el 17 de febrero de 1999, fuera de planeamiento, entendiéndose que los terrenos que ocupa están calificados como sistema viario en las mencionadas Normas Subsidiarias de Planeamiento. Todo ello sin perjuicio de lo que establezca una opinión mejor fundada.”

Con data 19 de agosto de 2021, procedeuise pola Intervención de este Concello, a emitir documento contable de autorización de gasto pola cantidade de 17.604,73 euros correspondente á valoración da expropiación.

Examinada a documentación que acompaña o expediente, esta Alcaldía en uso das atribucións atribuídas no artigo 21 j) da Lei 7/1985 reguladora do Réxime local e demais disposicións en vigor, **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO. - APROBAR inicialmente** e someter a información pública polo prazo dun mes, mediante a inserción de anuncios no DIARIO OFICIAL DE GALICIA, e nun xornal dos de maior circulación da provincia, o proxecto expropiación polo procedemento de taxación conxunta para a execución de planeamento: sistema xeral viario, asinado polo arquitecto Isidro López Yáñez en xuño deste ano, comprensivo da delimitación territorial do ámbito, descrición de bens e dereitos e titulares afectados, fixación de prezos e follas de xustiprezo individualizadas, para que aqueles que poidan resultar interesados formulen cantas observacións e reclamacións consideren convenientes, incluída, de ser o caso, a relativa a titularidade ou valoración dos respectivos dereitos.

**SEGUNDO. -** A relación de bens e dereitos afectados polo expediente expropiatorio e a seguinte:

<b>REF.CATASTRAL</b>	8593501NJ6289N0001PD
<b>TITULAR</b>	BUJÁN PEREIRO, JOSÉ MANUEL
<b>DNI</b>	3385*****
<b>SUPERFICIE TOTAL</b>	110
<b>SUPERFICIE AFECTADA</b>	110
<b>CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA</b>	SOLO URBANO CONSOLIDADO(SISTEMA VIARIO)
<b>SITUACIÓN BASICA DO SOLO</b>	URBANIZADO
<b>OUTROS BENS AFECTADOS</b>	1 UD. EDIFICACIÓN (330M2)

**TERCEIRO. -** Proceder a notificación da presente resolución ao interesado, con traslado literal das follas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración, para que poida formular cantas alegacións e reclamacións considere oportunas tanto con respecto ao expediente expropiatorio como á fixación do prezo xusto, no prazo dun mes contado a partir da data da notificación.

**CUARTO. -** As actuacións do expediente expropiatorio entenderánse en primeiro lugar, co propietario do ben ou titular do dereito obxecto da expropiación, polo que se pon de manifesto a conveniencia de presentar certificacións rexistras e demais documentos que

acrediten a titularidade dos bens e dereitos afectados, advertindo de que o pago unicamente se realizará a favor dos titulares rexistrados do dominio, ou no suposto de fincas que non figuren inscritas, co titular segundo os títulos xustificativos do seu dereito completados con certificacións negativas do Rexistro da Propiedade; no resto dos casos, procederase a consignar na Caixa Xeral de Depósitos o importe dos xustos prezos das fincas.

**QUINTO.** - Advertir que a publicación deste acordo producirá tamén os efectos previstos no artigo 44 da Lei 39/15 do procedemento administrativo común das administracións públicas, para aqueles interesados aos que non poida serlle practicada a correspondente notificación.

**SEXTO.** - Facultar a Alcaldía-Presidencia desta Corporación, tan ampliamente como proceda para tódalas actuacións que se susciten en relación á tramitación unha vez iniciado.

**Esta é a miña proposta, non entanto, a Xunta de Goberno Local, aprobara o que estime máis convinte.**

En Valdoviño a 24 de agosto de 2021.

Documento asinado electrónicamente polo sr. alcalde Alberto González Fernández.”

**Analizada a proposta de Alcaldía, así coma a documentación contida no expediente pola Xunta de Goberno Local, este órgano, mediante votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión (4 membros dos 5 que a compeñen legalmente), acordou a aprobación da referida proposta.**

#### **FÓRA DA ORDE DO DIA**

O Sr. alcalde somete a consideración da Xunta de Goberno a inclusión na orde do día do seguinte asunto por vía de urxenza, dada a necesidade de ter canto antes contratado o Servizo de Punto de Atención á Infancia. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes ratifica a urxenza e inclúese este asunto na sesión:

#### **.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA “AULA DA NATUREZA”.**

**Expediente: 2021/C004/000001**

Procedemento de contratación: aberto

Tramitación: Ordinaria

Valor estimado contrato: 45.000 euros

Prazo execución: Ata o 31/07/23

Tramitado o expediente antedito, con publicación da licitación na Plataforma de Contratos do Estado, onde se aloxa o perfil do contratante, aperturados e cualificados os sobres A en sesión de Mesa de Contratación, resultan admitidas as dúas ofertas concurrentes.

Aperturados los sobres “C” con criterios basados en xuízos de valor, emítese informe técnico por técnica competente – servizos sociais- concello de Valdoviño. O correspondente informe publícase no perfil do contratante.



En sesión de Mesa de Contratación do 19.08.21, aperturasen as ofertas económicas e procedese logo ás valoracións correspondentes.

Emitese informe por técnica de servizos sociais (Educadora Social) no que se reproduce o informe referente ao sobre C e contén as valoracións das ofertas económicas (sobre B) co resultado final das puntuacións, o cal consta na correspondente acta da Mesa de Contratación, reproducíndose o seu contido;

## **“INFORME SOBRE A VALORACIÓN DAS PROPOSICIÓN PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA “AULA DA NATUREZA”**

Iria García Martínez, educadora social do departamento de Servizos Sociais, logo de ser convocadas as Mesas de contratación para a apertura dos sobres A) e admitidas as dúas proposicións, realizada a apertura dos sobres B) relativos ás referencias técnicas dos criterios non avaliábeles automaticamente, e realizada tamén a apertura dos sobres C, das ofertas económicas,

### **INFORMO**

- Que se valoran as dúas proposicións presentadas para a xestión do Punto de Atención á Infancia “Aula da Natureza” polas seguintes licitadoras: Bolboreta S.C e Osventos Innovación e Servizos.

- Que a valoración técnica das ditas propostas realizouse con base aos criterios establecidos no “*Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo do Punto de Atención á Infancia “Aula de Natureza” do Concello de Valdoviño*” mediante procedemento aberto con *multiplicidade de criterios de valoración*” que se transcriben a continuación:

#### **1. Proxecto educativo. Total 10 puntos.**

1.1. Principios e valores da atención socioeducativa (ata 3 puntos)

- Principios da intervención profesional e do ambiente: ata 1 punto

- Enfoque pedagóxico (prioridades, comprensión das necesidades da infancia): ata 1 punto

- Relación coas crianzas (límites, afecto, resolución de conflitos): ata 1 punto

1.2. Obxectivos, metodoloxía e avaliación (ata 2 puntos)

- Expectativas educativas da intervención e o espazo: ata 0,50 puntos

- Recursos empregados: ata 1 punto

- Seguimento e áreas de avaliación: ata 0,50 puntos

1.3. Contidos e plan de actividades (ata 2 puntos)

- Centros de interese (ata 1 punto)

- Uso do xogo libre e fomento da exploración e do movemento (ata 1 punto)

1.4. Plan de atención á diversidade persoal (ata 1 punto)

- Axuste da intervención ás necesidades: ata 1 punto

1.5. Proxecto de atención no caso de crise sociosanitaria (virtual ou domiciliaria de ser o caso) (ata 2 puntos)

#### **2. Plan de xestión e organización. Total 8 puntos.**

2.1. Organización do centro (ata 2 puntos)

- Organigrama, estrutura e funcionamento: ata 0,50 puntos

- Papel e funcións da dirección: ata 0,40 puntos

- Traballo en equipo da parella educativa (reunións, grupos de referencia): ata 0,50 puntos

- Xestión e concepto da alimentación no recurso: ata 0,30 puntos

- Documentación: ata 0,30 puntos

2.2. Canles de relación co Concello e a Comunidade (ata 1 punto)

- Comunicación coa persoas responsables: ata 1 punto

2.4. Relacións coas familias (ata 2 puntos)



- Participación no espazo: ata 1 punto
- Comunicación recurso- familias: ata 1 punto
- 2.5. Formación continua do persoal (ata 1 punto)
  - Formatos e planificación: ata 1 punto
- 2.6 Titulacións oficiais a maiores da mínima esixida (ata 1 punto)
- 2.7 Aumento do persoal establecido como mínimo (ata 1 punto)
  - Cada persoa a maiores que participe no proxecto educativo: ata 1 punto

**3. Servizos complementarios e mellora do equipamento. Total 5 puntos.**

- 3.1. Proxecto de reforzo do idioma galego e iniciación a outros idiomas (ata 1 punto)
  - Espazo: ata 0,50 puntos
  - Intervención transversal: ata 0,50 puntos
- 3.2. Proxecto de transmisión de valores ambientais e integración no medio rural (ata 1,5 puntos)
  - Espazo: ata 1 punto
  - Intervención transversal: ata 1 punto
- 3.3. Proxecto de igualdade e atención coeducativa (ata 1,5 puntos)
  - Espazo: ata 1 punto
  - Intervención transversal: ata 1 punto
- 3.4. Melloras dos medios materiais e didácticos (ata 1 punto)
  - Calidade dos materiais (madeiras..)
  - Funcionamento metodolóxico (autocorrectivos, manipulativos)
  - Adaptación a unha análise baseada no xénero

- Que vistas as propostas co obxectivo de avaliar os contidos e a calidade do enfoque dos mesmos, determínase a seguinte puntuación comparativa no referente aos criterios establecidos:

	1.1	1.2	1.3	1.4	1.5	2.1	2.2	2.4	2.5	2.6	2.7	3.1	3.2	3.3	3.4	Extra	TO TAL
Osventos	0	0,5	0,5	1	0	0,5	0,5	2	0,5	0	0	1	1,5	1,5	0	0	9,5
Bolboreta S.C	2	1	2	1	1,5	1,5	1	2	0,5	1	1	0,5	1,5	1	0,5	2	20

-Que atendendo aos aspectos recollidos nas memorias presentadas para a xestión do Punto de Atención á Infancia, a licitadora que obtén maior puntuación nos criterios técnicos é Bolboreta S.C, considerando que presenta unha proposta técnica suficiente e axeitada en función dos criterios establecidos, cun total de 20 puntos. A proposta de Osventos Innovación e Servizos, suma unha puntuación de 9,5, considerando que NON acada unha valoración mínima para considerala unha proposta con calidade suficiente para o seu desenvolvemento.

- Que no referente ás propostas económicas, o prezo que presentan as empresas son os seguintes:

- Bolboreta S.C: 86000 (43000/ano)

- Osventos: 87600 (43800/ano)

sendo Bolboreta S.C quen presenta unha oferta máis vantaxosa e suficiente para o desenvolvemento axeitado do servizo.

- Que tal e como se indica nas prescricións administrativas, aplícase o programa de valoración de ofertas económicas da Deputación provincial de A Coruña, da que se obtén o seguinte resultado:

- Bolboreta S.C: 26,22

- Osventos: 13,24


Táboa de resultados: Valoración técnica e da redución de prazos, valoración económica e valoración total.

Prezo licitación: 45000€

Límite oferta temeraria: 42.860,00€

Nº	Empresa	Oferta	Baixa	Valoración	Valoración.	
Temeraria	Total	Económica (%)	técnica	económica		
1	BOLBORETA	43000	4,44	20	6,22	Non
	<b>26,22</b>					
2	OSVENTOS	43800	2,67	9,5	3,74	Non
	<b>13,24</b>					

Gráfica de puntuacións económicas



- Que o resultado da valoración técnica e económica, é favorable a Bolboreta S.C por ser a entidade con maior puntuación na parte técnica e cunha oferta máis vantaxosa economicamente, por un importe anual de 43000€, obtendo un mellor resultado na fórmula aplicada.

Valdoviño, 24 de agosto de 2021

Iria García Martínez.Educadora social".

Visto o anterior informe, e que a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes ACORDA:

.- Elevar o resultado da valoración das ofertas ao órgano de contratación correspondente para a súa aprobación e FORMULAR proposta de ADXUDICACIÓN do SERVIZO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA “AULA DA NATUREZA” NO CONCELLO DE VALDOVIÑO á empresa BOLBORETA, NIF: J70397567 por resultar a máis favorable na licitación e obter a maior puntuación de conformidade cos informes emitidos.

En base ao antedito, e Visto o prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á esta sesión de 26 de agosto/2021, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Tomar coñecemento dos informes e do contido das Mesas de Contratación e elevar a definitivas as valoracións e puntuacións obtidas polas empresas licitadores.

**Segundo.-** Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación e Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares de esta contratación, **REQUERIR** á empresa proposta para a adxudicación: **BOLBORETA**, NIF: J70397567 para que dentro do prazo dos **DEZ DIAS HÁBILES** a contar dende o seguinte no que recibirá o requerimento presente por medios electrónicos e con sinatura electrónica a documentación especificada no punto 15. ADXUDICACIÓN do citado prego de cláusulas administrativas e de acordo co punto 16 GARANTIA DEFINITIVA do citado prego.

De non cumprimentarse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado entenderase que a empresa licitadora retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a recaber a mesma documentación ao licitador seguinte.

**Tercero.-** Notificar dito acuerdo a BOLBORETA SC e a OS VENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS S.L. para o seu coñecemento e efectos.

## PARTE DE ACTIVIDADE

### **6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon.

Sen ningún outro asunto a tratar, sendo as dez horas e dez minutos, a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente; o que coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

*Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde*